

As escolas da emigración

Durante o primeiro terzo do pasado século XX, unha parte do amplísimo colectivo galego emigrado a América levou a cabo un singular modelo de organización societaria que, ademais de abranguer obxectivos mutualistas e de beneficencia entre os seus afiliados, tratou de paliar as carencias materiais, especialmente a instrución que familiares e veciños padecían na terra de orixe, en boa medida a causa do seu desterro.

Xosé M. Malheiro

Profesor na Facultade de CC. da Educación da USC
hemalhei@usc.es

O colectivo, impulsor da mellora da instrución e das condicións de vida estaba formado polo sector máis crítico e concienciado da emigración que, en contacto co novo destino, acabou por se converter no que o americanista Adolfo Posada denominou “descontentos, por comparación”: emigrantes receptivos, que asimilaron o modelo democrático, laico e republicano da sociedade de destino e, ao mesmo tempo, solidarios coa precaria situación dos que permanecían no lugar de partida. O seu malestar, lonxe de se converter en pesimismo, motivounos a intervir, tratando de recrear na Terra moitos aspectos positivos que lles proporcionara a experiencia migratoria.

Encher de luz as derramadas escolas

Unha das mellores contribucións é, sen dúbida, o modelo social da educación pública, ao que as repúblicas americanas lle concedían unha destacada importancia, e que Faustino Sarmiento,

pedagogo e político arxentino, plasmou nunha fermosa frase: “Hombres, pueblo, nación, porvenir. Todo está en los humildes bancos de la escuela”.

Esta preocupación, case “devoción”, pola escola pública sorprendeu a quen chegara alí sen saber nin esborranchar case o propio nome, a consecuencia dunha paupérrima escolarización. Foron, por tanto, “descontentos por comparación” os que tentaron levar ás aldeas galegas o espírito da escola pública americana, construíndo edificios, dotando aulas, democratizando espazos, promovendo métodos que encheron de luz lugares nos que antes só había escuras e derramadas escolas.

“Descontentos por comparación”, tamén ao comprobar como a falta de preparación os relegaba aos peores e aos máis duros empregos, pois tanto en Cuba, Arxentina, Uruguai, como en Brasil, a cualificación profesional resultaba indispensable para ascender na escala

social, mentres que a inmensa maioría dos galegos emigrados só atopaba ocupación en traballos penosos e indignos, do que se infería un salario deficiente e un baixo status.

O pedagogo ourensán Ignacio Ares de Parga, intelectual relevante entre a emigración na Arxentina, e promotor da sociedade Unión Hispano Americana Valle Miñor, explicábo con estas verbas: “É lonxe da patria onde máis se sente a necesidade do propio alimento na loita pola vida; e porque nada mellor amosa a realidade que as amarguras da decepción, na escaseza de orientacións e falta de aptitudes, é en América onde as colectividades españolas, a galega en primeiro termo, forman agrupacións locais de carácter educacional, posta a alma no nativo fogar, na aldea inolvidable, —acaso no recordo de pasados descubrimentos— que un día abandonamos co estómago aterido, duras e ásperas as mans e o cerebro envolto en farrapos, con rumbo á terra de promisión”.



Tomiño, Pontevedra. Escolas Aurora del Porvenir, sostidas dende Brasil e Arxentina pola sociedade do mesmo nome

E isto ocorría a finais do século XIX no mundo rural e mariñeiro galego, onde se sufría un elevado índice de analfabetismo, unha economía agraria de subsistencia, ausencia de tecido industrial e escasas expectativas de futuro. En fin, ocorría baixo o férreo control dunha minoría privilexiada e excluín-te, que detía o poder dende o despacho municipal, o brasón palaciano ou o púlpito dominical, e que perpetuaba aquí o sistema do Antigo Réxime, cando en Europa maduraba a modernidade nacida da Ilustración.

Emigrar na procura dun mellor porvir

Diante desta situación, milleiros de galegos e galegas deciden rachar coa miseria, embarcando cara a América en busca dun mellor porvir. Malia as dificultades de partida, a nova situación ía ofrecer algún signo positivo, como foi participar na construción dunha sociedade incipiente a comezos do século XX. Así, do illamento rural o emigrante pasou aos

centros industriais das grandes urbes, abríndose para os máis espelidos e comprometidos, uns esperanzadores horizontes. E moitos non desprezaron a oportunidade. Aprenderon axiña unha nova cultura baseada no asociacionismo e a participación cívica; no respecto á liberdade de conciencia e a súa libre manifestación pública. Grazas aos equipos de ensinanza para adultos dos centros galegos da Habana, Bos Aires ou Montevideo, puideron ser alfabetizados e, incluso, recibir ensinanzas profesionais; ademais das oportunidades que lles facilitaron os sindicatos obreiros nos que se foron afiliando.

Deste xeito, as ideas anarquistas e socialistas foron prendendo naqueles mozos capaces de soñar cunha nova sociedade. Mais convén aclarar que non todos reaccionaron así. Unha parte significativa caeu no que o agrarista emigrado Alonso Ríos tachou de “conformismo chato e repugnante e indolencia durmiño-ca”, agrupándose en

entidades recreativas sen outro afán que organizar veladas folclóricas, virada de costas á realidade. Pero á marxe deste colectivo e dos que, segundo Eduardo Blanco Amor, se dedicaban “á romántica tarefa de acumular pesos”, outros, movidos por un sentimento solidario, decidiron aproveitar a prosperidade individual para promover, tamén, o desenvolvemento económico, cultural e político de Galicia. E dedicaron parte das remesas a mellorar as condicións de vida, elevando o nivel material e cultural das súas aldeas. Isto foi posible, en grande medida, grazas á creación das sociedades de emigrantes.

As sociedades de emigrantes

En liñas xerais, estas sociedades buscaron reproducir a identidade colectiva da parroquia natal no novo destino, e darlles protección aos afiliados. Pero, ao mesmo tempo, pensando nos que permanecían nesa parroquia, tentaron promover alí o desenvolvemento

económico, mediante a educación e a emancipación política. Por exemplo, a Sociedad Urbanizadora de Casamáns-Agróns, fundada na Habana no 1926, tiña por obxecto o fomento e construción de obras públicas; os mesmos fins perseguía a Sociedad de Socorros y Mejoramientos en el Pueblo de Goyán, fundada en Santos, São Paulo no 1931. Pero o camiño para chegar ao desenvolvemento económico era a promoción dun ensino primario axeitado ao contorno rural. Cumpría organizar a explotación das riquezas e potencialidades de Galicia con criterios técnicos e científicos,


foi a creación, durante todo ese tempo, de máis de 300 aulas de ensino. Aulas que incluían o ensino primario, secundario e tamén profesional. A miúdo, non pasaban de ser unha humilde escola, medianamente dotada, alí onde antes non houbera nada. Aínda que, en moitas outras ocasións, o centro —ou ‘equipo’— era, de feito, un importante e moderno espazo cultural e educativo, como asegura Costa Rico. Esta foi a resposta popular dende Ultramar ao baleiro educativo oficial que padeceu Galicia, e ao que só a partir do 1931, tratarían de poñer remedio os gobernos da Segunda República.

Barbanza e Fisterra, fundamentalmente. A segunda, na metade norte da provincia de Lugo, coincidindo coas Mariñas Oriental e Central, A Terra Chá e áreas dispersas de Chantada, Terra de Lemos, A Ulloa e Sarria. A terceira, no cuadrante noroccidental da provincia de Ourense, fundamentalmente, O Carballiño e Ourense. Por último, nos terzos norte e sur da provincia de Pontevedra, coincidindo coas comarcas do Deza, Caldas, Pontevedra, O Condado, Vigo e O Baixo Miño.

Educación para o futuro

Diante do abandono oficial, destaca a confianza que as sociedades de emigrantes depositan na educación mediante unha intervención preventiva: instruindo no presente para evitar o fracaso ou a marxinação no futuro. Como salienta Xosé Neira Vilas, “crear escolas dende a outra banda do mar era traballar, non en beneficio propio senón para o futuro. Era unha obra rotundamente altruísta. A maioría daqueles emigrantes traballaban para o mañá. Non querían que os que nacesen naquel recanto, para eles entrañable, quedasen analfabetos”. Un sentimento que xorde ao integrarse na realidade social americana e gozar como auténticos cidadáns. No caso de Arxentina, por exemplo, chama a atención a importancia que o Estado lle confería á educación do individuo, como amosa o Proxecto de lei nacional de educación de 1915, ao comezar dicindo: “Se tiene creído que las casas de educación preparan sólo a la niñez y a la juventud; pero en realidad hacen mucho más; despiertan las energías del pueblo mismo que, al gobernar la enseñanza e intervenir en ella, entran a hacer uso de su derecho y a practicar la libertad para sentirse capaz de hacer efectiva su soberanía en el más amplio sentido”.

Sirvan tamén como exemplo as reflexións que Adolfo Posada plasmou en *La República Argentina. Impresiones y comentarios*. Esta obra, froito dunha visita institucional ao país no 1911, retrata as escolas da capital porteña como “imponentes construcciones, algunas con pórticos de grandes columnas, patios, salones inmensos. Las Escuelas Roca, las Escuelas Sarmiento, las Escuelas



Profesor e alumnos na escola La Luz de Vilarchao, concello de Coles (Ourense), sostida dende Cuba pola sociedade “Progreso de Coles”.

implantando viveiros, campos de experimentación e hortas escolares nos centros de ensino, que foron nacente paseniño ao longo da xeografía galega, capaz de afastar a imaxe dun campo ermo, no que sobrevivían viúvas e orfos de vivos, como retratou Castelao.

Nunha sorte de eclosión, decenas de sociedades comezaron a aparecer a comezos do século pasado en Cuba e Arxentina, e en menor medida en Uruguai ou en Brasil. En total, 484 sociedades de instrución foron fundadas en América entre 1904 e 1936, que abranguían o 70% dos municipios galegos nese período, a pesar de que só un 35% chegou a culminar o seu proxecto de intervención escolar. Unha das consecuencias positivas

A primeira sociedade de instrución documentada, a Alianza Aresana de Instrucción, fundouse na Habana no 1904, e construíu o primeiro edificio escolar na vila de Ares no 1908. Ese mesmo ano naciá, tamén, en Bos Aires, a sociedade La Concordia, que agrupaba os veciños da parroquia de Fornelos da Ribeira, en Salvaterra de Miño, creando máis tarde unha escola nela. Segundo a localización xeográfica que establece Costa Rico, con quen coincide Peña Saavedra, as escolas que se fundaron concentráronse en catro áreas. A primeira, nos extremos noroccidental e suroccidental da provincia da Coruña, que abranguen as comarcas da Mariña Occidental, Ortegal, Ferrol, Betanzos, A Coruña, O Eume, A Barcala, Santiago, O



Quintana... grupos escolares amplios, llenos de luz, son de todos modos indicaciones magníficas del aprecio que Buenos Aires tiene por la enseñanza". Ou as recomendacións do Departamento da Inspección Médica de Instrucción Pública arxentina, a comezos do século pasado, sobre a necesidade de introducir espazos verdes e galerías, de situar e orientar convenientemente os edificios, as fronteiras con xardíns, os recintos acoutados por árbores, ou a necesidade de construír edificios adecuados ás necesidades de cada escola.

Se a visita realizada aos centros escolares arxentinos lle suscitou esclarecedoras reflexións a Adolfo Posada, tamén o cidadán galego emigrado tirará as súas propias conclusións ao atoparse cos magníficos edificios escolares —inevitable comparación coa escola rural na que aprendera os rudimentos do ensino na súa infancia—, mentres percorría as longas avenidas da capital na procura dun posto de traballo. E así, as súas cavilacións non habían de distar substancialmente das do profesor ovetense; ou das que facía para si o escritor José Otero Espasandín en 1938, con certo amargor, sobre a súa experiencia escolar en Terra de Montes: "Cando penso no que para min puido selar a escola e non foi, nas forzas e arelas da miña neñez que puido guiar e despertar, doume conta do que unha boa escola significa para o adianto dos povos, para felicidade dos homes. Cando me poño a lembrar a miña vida de rapaz n'aquela aldeña da montaña galega onde brincan as augas cristiñas do Lérez entre seixos e ameneiros, xurde a escola como o máis probe, cativo, ruín".

Liberar o individuo por medio da educación

Daquela, o valor da educación como vehículo de transformación social, as condicións materiais dos espazos escolares e os recursos humanos para atenderlos, serán a incesante e reiterada

Aula de nenas da escola de Luou, concello de Teo sostida pola "Unión de Residentes de Luou" en Bos Aires

preocupación e o punto de converxencia dos diferentes programas. En consonancia coa realidade experimentada en América, debía ser un modelo que liberase o individuo educándoo para o exercicio responsable das súas obrigas e dereitos. Ao mesmo tempo, realista e funcional, facilitando os coñecementos, habilidades e destrezas necesarias e de utilidade no futuro inmediato, en contraposición coa recibida na escola tradicional, case sempre allea ás demandas dos cativos. Unha escola na que os contidos tivesen aplicación real na vida, e os alumnos puidesen tirarlle proveito no propio contorno, evitando así a emigración.

No que respecta ao aspecto arquitectónico, para o deseño dos edificios escolares tívose en conta, sempre que foi posible economicamente, o emprazamento, a orientación, a funcionalidade, a calidade dos materiais e as necesidades pedagóxicas da práctica escolar. Moitas escolas contaban con espazos para o recreo, a práctica de deportes e exercicios físicos, ou con campos de experimentación agrícola. Moitas dispuñan tamén de vivenda para o mestre. Ademais, existía unha grande inxerencia por equipar os centros de mobiliario e enxoval suficiente e adecuado con pupitres bipersoais, mobiliario complementario, andeis, roupeiros e encerados. Así como, en moitos casos, completas coleccións de material didáctico, instrumental científico, láminas, mapas, minerais, fósiles, máquinas de coser ou de escribir... A biblioteca escolar será outro dos elementos relativamente habituais nas escolas de americanos, en

moitos casos enviada dende América coas achegas persoais dos propios socios, mediante a recolla de volumes ou subscricións pecuniarias. Por último, no que toca ao profesorado contratado polas respectivas Sociedades, con frecuencia a través de concurso, esixíase a correspondente capacitación —título de Maxisterio na Escola Normal—, e a demostración práctica da súa valía.

O labor dos intelectuais emigrados

Este fenómeno cultural, no que directa ou indirectamente participaron miles de galegos e galegas, non tería chamado tan fundamento de non ser pola presenza activa dun grupo de intelectuais, tamén emigrados, e o seu papel como minoría encargada de concienciar e difundir as ideas sobre as que asentou a acción emancipadora. Eles foron os máis significativos "descontentos por comparación", encargados de canalizar as inquedanzas e transformalas en proxectos realizables. Entre as institucións, cómpre sinalar en Arxentina o Orfeón Gallego, a Asociación Regionalista A Terra, Irmandade Galeguista para América do Sur, a Sociedade Nacionalista Galega "Pondal", ou a Federación de Sociedades Gallegas, Agrarias y Culturales. En Cuba, as sociedades de signo progresista xuntáronse no Comité Representativo de las Sociedades Gallegas de Instrucción, a partir do 1909.

A canle utilizada foi a prensa escrita, ao constituír un instrumento idóneo de



influencia social. Nas súas páxinas comparten espazo os escritores máis acreditados do momento: Alfredo Vicenti, Valentín Lamas Carvajal, Andrés e Jesús Muruais, Manuel Curros Enríquez, Luis Taboada, Victorino Novo ou Emilia Pardo Bazán, ademais do propio Álvarez Insua, Camino, Añón, Pintos, Murguía, Vicetto, Mosquera, Rosalía ou Pondal, por mencionar os iniciadores; aos que se virían sumar Ares de Parga, Suárez Picallo, Alonso Ríos, Blanco Amor a través de *A Fouce*, *Acción Gallega*, *El Despertar Gallego*, *Céltiga*, *Galicia*, *Correo de Galicia*...

As críticas

Con todo, o movemento societario ligado á educación tamén foi obxecto de duras críticas. Por un lado, as que proviñan dos sectores máis conservadores polo que se facía nas aulas das súas escolas. Moitas coñecíanse como 'escolas laicas', o que evidenciaba certas connotacións ideolóxicas. O receo inicial acabou en aberta belixerancia, proveniente maioritariamente, dos párrocos e dos caciques locais. Por outro lado, posicións antagónicas acusaban de fomentar un ensino desgaleguizador, e posibilista, máis orientado a promover a emigración, que a erradicala. Sobre isto, recellemos como exemplo a opinión expresada no 1931 na revista *A Fouce*, polo voceiro da Sociedade Nazionalista Pondal: "Namentras alá na Terra se fai pouco ou nada pol-a Escola galega, os emigrados, con un criterio trabucado, aínda que con boa intenzón, malgastamos esforzos e cartos no sostemento de escolas rexidas e ourentadas nun senso ruinoso para Galiza. As nosas escolas, as que se sosteñen con cartos d'América, non se conforman co-a laboura desgaleguizante das escolas hespañolas, van mais lonxe: desgaleguizan e ourentan os nosos nenos hacia a emigración, e para colmar a medida, chegan a obsecuencia servil, cos países en que residen os sostenedores, que non outra cousa é, a adopción dos textos oficiais de historia xeográfica, etc. d'estes países d'América".

Estas críticas non deixaban de responder, en moitos casos, a unha realidade máis que evidente, pois algunhas sociedades incorporan este fin

nos seus propios Estatutos, como a cruceña "Hijos de Loño", que ademais de promover unha escola de ensino primario, comprometiase a conseguirlles traballo en Bos Aires aos alumnos que decidisen emigrar. Outro caso singular foi o de "Vivero y su Comarca", que chegou a fundar e soste 67 unidades de ensino primario, vinte en edificios construídos por ela, e 47 en locais alugados. Riguera Montero explicaba nas páxinas de *Vivero en Cuba*, o seu voceiro mensual, que cumpría mudar a imaxe tradicional do emigrante "que chegaba da aldea cos zapatos craveteados e os dedos hinchados de sabañóns" por outra máis digna de quen arriba "co ánimo esperto, versado nas fórmulas modernas comerciais, hábil en caligrafía, en gramática castelá, polo menos práctico no teléfono e na máquina de escribir, sabendo de todo un pouco e non amedrentándose por nada". Outras voces situábanse en contra de seguir realizando un labor que era responsabilidade do Estado, sobre todo colaborando coa ditadura de Primo de Rivera, como expresa o seguinte comentario recollido de *A Fouce*: "Eses queridos paisanos que dend'a emigración lembranse da terra e sosteñen n'ela escolas e institucións culturais, coidan que están facendo un gran favor a Galicia e que ésta débelle estar eternamente obrigada, y é moi posibre que crean que é tolería decirlles que co seu esforzo non fan máis qu'axudar a morte da sua patria supliendo coa iniciativa particular, os defectos d'organización do Estado español, noso despreziable tirano".

Aínda así, malia algúns xuízos contrarios, existiron posicións receptivas a algún grao de galeguización lingüística e curricular do ensino, e foi deste xeito como se chegaron, incluso, a realizar algunhas experiencias singulares, en particular no período da Segunda República. Xa no 1914, o inspector de ensino Couceiro Frejomil propugnaba no *Boletín da Escola Hispano Americana do Val Miñor* o ensino simultáneo de galego e castelán como criterio pedagóxico que favorecería un mellor dominio do castelán, e ao mesmo tempo, a mellor conservación da propia lingua. Por outro lado, o plano de estudos da "Liga

Santaballesa" incluía o estudo do galego e, con bastante posterioridade, o Congreso extraordinario da Federación de Sociedades Gallegas aprobaba no 1925 unha proposición, segundo a cal, nas escolas sostidas polas Sociedades federadas era obrigatorio o ensino do idioma, a literatura, a historia e a xeografía de Galicia.

Concluindo, cómpre insistir en que a nefasta experiencia vivida nas escolas oficiais antes de partir para América, e a desvantaxe na opción de oportunidades durante os inicios da aventura americana, foron as causas que fixeron reaccionar positivamente o colectivo que agrupou milleiros de galegos. Con amplitude de horizontes e infinda xenerosidade, trataron de mudar as sombras da incultura polas luces da instrución; trataron de erradicar a idea do desterro resignado dos campos galegos, e amosar, como alternativa, a xusta reivindicación dos bens máis prezados: a educación e o traballo, que xa eran dereitos fundamentais recoñecidos nas sociedades modernas.

Bibliografía

- COSTA RICO, A. (2004) *Historia da educación e da cultura en Galicia*. Vigo, Xerais.
- DE GABRIEL, N. (2006) *Ler e escribir en Galicia*. A Coruña, Servizo de Publicacións da UDC.
- MALHEIRO GUTIÉRREZ, X. M. (2006) *As escolas dos emigrantes e o pensamento pedagóxico: Ignacio Ares de Parga e Antón Alonso Ríos*. Sada-A Coruña, Eds. do Castro.
- NÚÑEZ SEIXAS, X. M. (1998) *Emigrantes, caciques e indianos. O influxo sociopolítico da emigración transoceánica en Galicia (1900-1936)*. Vigo, Xerais.
- PEÑA SAAVEDRA, V. (1991) *Éxodo, organización comunitaria e intervención escolar. La impronta educativa de la emigración transoceánica en Galicia*. Santiago, Xunta de Galicia. 2 vols.
- VILLARES, R. (1996) *Historia da emigración galega a América*. Santiago, Xunta de Galicia.